

Memoria económica e de transparencia do convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de A Peroxa para o proxecto senlleiro de ampliación da edificación do merendero situado no campo da feira da igrexa de Amparo, dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Expediente: CNV23_13

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.

- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais

- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectosenslleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Agader e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial





turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 21 de xuño de 2023 o Concello de A Peroxa presentou unha solicitude de colaboración á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa comarca". Xunto coa solicitude achegou unha memoria valorada de ampliación da zona de merendero no campo da feira da igrexa de Amparo, onde se propón a ampliación do edificio e a urbanización destes espazos públicos por teren un mercado significado histórico, social e cultural para a comarca ao tratarse de elementos que recuperan e manteñen a historia e a memoria da comarca e ser un lugar de encontro, relación e satisfacción da veciñanza.

A finalidade que se persegue con este proxecto é realizar unha ampliación da zona de merendero no campo da feira da igrexa de Amparo, respectando todas as actuacións a arquitectura tradicional, coa intención de conseguir unha integración paisaxística coas máxima garantías, o que redundará na mellora e as condicións de uso e goce do mesmo, así como na calidade de vida dos veciños.

A intervención proposta engloba distintos puntos: a ampliación do edificio e a súa urbanización. A intención principal é a ampliación do edificio para un mellor acceso así como incrementar o aforo o que permitirá ampliar o espazo dedicado para a feira.

Estas actuacións mellorarán as condicións da contorna e dos elementos e satisfarán as necesidades da veciñanza e as condicións de vida da poboación, potenciando e estimulando o arraigamento desta sobre o territorio que habita, contribuíndo ademais á cohesión da vida social no medio rural.

Polo tanto, trátase dunha intervención que ten como finalidade satisfacer as necesidades da veciñanza, fortalecer o desenvolvemento do rural galego, mellorar a relación social dos veciños e evitar o seu despoboamento o que xustifica o seu interese público e social.

- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade e excepcionalidade das actuacións que propón o Concello de A Peroxa reside nun espazo público que ten unha importancia histórica e etnográfica no entorno que vai ser obxecto de intervención, así como un mercado significado histórico, social e cultural para a comarca ao tratarse de elementos que recuperan e manteñen a historia e a memoria da comarca e ser un lugar de encontro, relación e satisfacción da veciñanza.

Esta ampliación de infraestruturas e espazos públicos singulares no campo da feira da igrexa de Amparo, no Concello de A Peroxa, ten como fin destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.





Polo tanto, este proxecto de ampliación da edificación do merendero situado no campo da feira da igrexa de Amparo, caracterizados por esa singularidade do elemento a tratar, atópase dentro dun espazo protexido por Patrimonio e constitúe un ben imprescindible para a economía e a vida social da poboación dese concello. A intervención proposta engloba distintos puntos: a ampliación do edificio e a súa urbanización. O campo da feira de Amparo é un complexo cun edificio principal en forma de L, con moita vexetación autóctona e espazo de lecer. O edificio data de finais do século XIX e está dedicado a merendas e ten gran importancia pola súa situación e uso durante certos días. Como eixo do lugar atópase a igrexa de Amparo de mediados do século XIII.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo Concello de A Peroxa, propón a ampliación da edificación do merendero situado no campo da feira da igrexa de Amparo, respectando e conservando as dimensión, materiais e técnicas construtivas orixinais, que permitan unha perfecta harmonía entre os elementos existentes e os novos.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.





TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de A Peroxa, queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30.11.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

- PROXECTO "Ampliación da zona de merendero no campo da feira da igrexa de Amparo", dentro da categoría promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.
- ORZAMENTO: Trinta e nove mil novecentos corenta e tres euros con dezasete céntimos (39.943,17 €), para a anualidade 2023.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos de Agader para o ano 2023 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Tipo de indicador	Indicador	Valor inicial	Valor final	Unidade	Data Vixencia
5-PEG	INFAN1- Porcentaxe de gasto de infancia e adolescencia	14,33	14,33	%	10.12.2021





Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 , código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2023	39.943,17 €
	39.943,17 €	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

Orzamento xeral e actividades a desenvolver:

CAPÍTULO	ACTIVIDADE	PORCENTAXE	ORZAMENTO
M01	Limpeza e adecuación do terreo	1,16	321,53 €
M02	Escavación e cimentación	15,45	4.284,64 €
M03	Soleira	9,91	2.748,98 €
M04	Estrutura	71,82	19.922,03 €
M05	Instalacións e urbanismo	1,20	334,12 €
M14	Xestión de residuos	0,36	99,00 €
M15	Control de calidade	0,11	29,94 €
Presuposto de execución material			27.740,24 €
13,00 % Gastos xerais			3.606,23 €
6,00 % Beneficio industrial			1.664,41 €
21% I.V.E			6.932,29 €
Presuposto Xeral			39.943,17 €

ACTUACIÓN	UD	PREZO	MEDICIÓN	TOTAL
Transporte escombros vertedoiro <5 km	m ³	4,99 €/m ³	6	29,94 €
Desbroce e limpeza terreo a máquina	m ²	0,59 €/ m ²	100	59,00 €
Exacav. Desmonte brando medios mecánicos	m ³	2,23 €/m ³	62,44	139,33 €
Explanación terreo a man	m ²	5,50 €/ m ²	13	71,50 €
Cortado e troceado árbol e extracción e soporte de tocón	ud	0,78 €/cm 12,70 €/cm	50 1	39,00 € 12,70 €





Exacav. desmonte terra vexetal medios mecánicos	m ³	2,62 €/m ³	14,30	37,50 €
Zapata corrida de cimentación baixo muro	m ³	192,93€/m ³	9,40	1813,54 €
Zapata aislada de cimentación de formigón en masa	m ³	89,58 €/m ³	4,50	403,11 €
Muro de contención de mampostería	m ³	147,14€/m ³	12,45	1831,89 €
Drenaxe muros lámina polietileno xeotextil	m ³	9,93 €/m ³	20	198,60 €
Soleira en contacto co terreo	m ²	24,84 €/ m ²	83,70	2079,11 €
Soleira de formigón armado para formación rampla	m ²	23,73 €/ m ²	20,98	497,85 €
Formación banzo	m ²	28,67 €/ m ²	3x2=6	172,02 €
Demolición entrevigado forxado madeira mano	m ²	17,58 €/ m ²	3,5	61,53 €
Pilares de pedra de dimensión variable h=250 cm	m ³	318,77€/m ³	6	1912,67 €
Muro de mampostería visto exterior	m ³	208,06€/m ³	9,9	2059,79 €
Muro de formigón armado	m ³	272,57 €/m ³	23,05	6391,77 €
Viga de madeira aserrada e dimensións 32x16 cm	m	45,83 €/m	20,6	936,89 €
Viga de madeira aserrada e dimensións 14x25 cm	m	26,18 €/m	63,1	1651,96 €
Dormente de madeira aserrada 16x8 cm	m	13,45 €/m	14	188,30 €
Cuberta inclinada tella sobre madeira	m ²	71,53 €/ m ²	85,4	6108,66 €
Impermeabilización baixo tella de cuberta con L/A	m ²	8,43 €/ m ²	85,4	719,92 €
Canlón lineal de aceiro prelacado	m	22,74 €/m	13,4	304,72 €
Baixante formada por cadea anclada a solo e canlón	m	12,25 €/m	2,4	29,40 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita





norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira
PS (debida a ausencia) Acordo do Consello
de Dirección do 18.12.2018
A secretaria xeral
M^a Luisa Boquete Pumar

